

Dos reloxo derretidos

Manuel Forcadela

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FORCADELA, MANUEL (2011 [2009]). “Dos reloxo derretidos”. *Blog da Editorial Galaxia*. <<http://www.editorialgalaxia.com/weblog/?s=dos+reloxo+derretidos>>. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/182>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FORCADELA, MANUEL (2009). “Dos reloxo derretidos”. *Blog da Editorial Galaxia* <<http://www.editorialgalaxia.com/weblog/?s=dos+reloxo+derretidos>>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 14 de febreiro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 14/02/2011.

DOS RELOXOS DERRETIDOS

Manuel Forcadela

1. TIRESIAS

Sosteño, e non serei o primeiro en facelo, que toda a psicanálise non é máis que un comentario de texto do *Edipo Rei* de Sófocles. Velaí como da glosa dunha obra literaria se desenvolve unha disciplina humanística que adquire dimensións propias e total independencia. Son, ademais, lector habitual desa peza extraordinaria e, desde logo, procuro non perderme ningunha das representacións da obra nos seus máis diversos formatos, alá onde se leve a cabo. Ademais o meu rumbo ten sido reorientado en máis dunha ocasión seguindo o ronsel dese enigmático personaxe chamado Tiresias. O cego Tiresias, aquel que guía a Edipo no recoñecemento do seu pasado e, por medio da súa sutil heurística, consegue liberar a cidade de Tebas da súa maldición, o home que foi tamén muller, o primeiro psicanalista da historia. É máis: creo que o protagonista da obra é Tiresias e que o feito de que a peza se denomine Edipo Rei obedece a razóns políticas e á imposibilidade de situar un rei como personaxe secundario. Mais, certamente, o saber cego e escuro de Tiresias é o que leva o rumbo do discurso, o que desvela o realmente acontecido, o que sitúa ao pobre Edipo no plano dos títeres, dos bonecos activados por vontades alleas, por cordas invisibles que rexen os seus actos. De feito a vida é tamén así: sempre hai un *Edipo Rei* dando a nota, crendo que manexa os fíos da historia, empeñado en matar o pai e deitarse coa nai, e un Tiresias escuro, aparentemente secundario, escribindo o destino e desvelando as pautas do seu comportamento.

Entenden agora por que sempre quixen ser Tiresias?

2. CUNQUEIRO E EDIPO

O poema que encabeza o *Herba aquí e acolá* de Álvaro Cunqueiro titúlase “Eu son Edipo”. Está escrito de xeito que non se sabe se quen fala é o propio Cunqueiro ou se, pola contra, é o personaxe de Edipo quen asume a enunciación do discurso. Sempre sospeitei que Cunqueiro tentou escribir un Edipo. Un obra de teatro na que, como en *Don Hamlet*, combinase a erudición literaria e o lirismo máis exquisito. De feito, este poema sería o resto textual, e tamén a proba, desa tentativa. O curioso do caso é que Cunqueiro escribe o poema nos anos finais da súa vida e que a súa empatía co personaxe reside fundamentalmente no fracaso. Ambos os dous son vellos e doentes e procuran xa o amparo

da morte. De maneira que o Edipo de Cunqueiro non parte do *Edipo Rei*, senón, antes ben, do *Edipo en Colono*, esoutra peza extraordinaria en que Sófocles nos conta como, logo de arrincarse os ollos ao coñecer a súa traxedia, Edipo deambula coa súa filla-irmá Antígona á procura dun lugar onde poder morrer. Isto dálle unha dimensión se cadra maior ao poema de Cunqueiro. Cunqueiro non é *Edipo Rei*, senón *Edipo en Colono*. O seu non son as vaidades do mundo e a experiencia do poder. O seu é a derrota, o descubrir que, a pesar da súa intelixencia, do seu enorme talento, xamais deixou de ser un xoguete en mans do destino. Por iso o final do poema, que aúna as voces do autor e do personaxe, segue a resultarme certamente estarrecedor:

Agora, vello e canso, déitome nas tebras
Que me arroupan como unha nai
Arroupa ao seu neno.

3. EDIPO E O VELLO TRABALLADOR

O poema de Cunqueiro, publicado por Galaxia en 1980, dentro do conxunto da súa obra poética completa, fecha un ciclo que abrira, case vinte anos atrás, o “Monólogo do vello traballador” de Celso Emilio Ferreiro. Ambos os dous poemas comparten unha chea de cousas. En primeiro lugar son monólogos. En segundo lugar teñen unha entidade dramática que permitiría incluílos dentro dunha obra teatral. Ademais, son reflexo directo dunha ideoloxía e dunha posición política. Celso Emilio cédelle a voz a un personaxe caracterizado pola súa procedencia social. Cunqueiro a un personaxe de raíz literaria. O personaxe de Celso Emilio encontra razóns para o optimismo, a pesar da súa idade, a pesar de ter sido explotado ao longo de toda unha vida. O personaxe de Cunqueiro reconece a presenza próxima da morte. 1962 e 1980. Realismo social e culturalismo. Loita contra o franquismo e inicio da democracia. Hai, ademais, unha coincidencia que sempre me fascinou. No poema de Celso Emilio dise: “Ben pensando, o patrón todo mo debe...”, no de Cunqueiro, “Se o mirades ben, un inocente...”. Ben pensado e ben mirado. Os dous vellos manifestan a través dese ben mirar e dese ben pensar a revelación final de toda unha vida, o epílogo e colofón da súa experiencia existencial. Un declárase vítima; o outro, inocente. Un acusa; o outro deféndese. Un foi comunista. O outro, falanxista. Unicamente a literatura serviu de ponte de contacto. E o amor pola lingua galega.

4. CUNQUEIRO E LUGRÍS

No Vigo da miña mocidade era posible encontrar nas tabernas do centro da cidade a dous bebedores xeniais: Álvaro Cunqueiro e Urbano Lugrís. Os dous tiñan, ademais, un aquel no seu aspecto: altos, ollos afundidos baixo os cristais dunhas lentes de cuncha, ataviados durante o inverno con gabardinas, paseantes polo centro dun Vigo que xa non existe, afables frecuentadores dos praceres de Baco. A miña rebeldía xuvenil facíame sentir certa distancia cara a eles, representantes dun mundo adulto que aínda non podía comprender. Eran, de feito, dous “señores maiores”, falandeiros e amigos de todo aquel que os quixese acompañar, mais que non entraban para nada no noso mundo adolescente, máis próximo do *hippismo* e do *flower power*. Uníaos entre outras cousas o surrealismo, a improvisación

xenial, a vontade de subverter o mundo a través da arte. De feito algúns dos seus actos poéticos máis agudos ficaron para a historia como precursores das modernas *performances*. É moi coñecida, por exemplo, a anécdota de cómo Urbano Lugrís entrou na tenda de Tovarís, antecedente dos grandes almacéns actuais, e solicitou a unha sorprendida dependenta “seis mil gaitas galaicas de ritmo trocaico”. Non entendo por que ese momento aínda non foi incluído na historia da arte.

5. ENTUSIASMO

Anos despois, xa nos inicios dos 80, tería a fortuna de coñecer a un dos grandes amigos de Urbano Lugrís: Antón Avilés de Taramancos, acabado de chegar da súa longa etapa americana. Antón pertencía, por idade, á Xeración das Festas Minervais e, de feito, os seus primeiros libros foran publicados no tempo en que os poetas de Brais Pinto, xunto con Uxío Novoneyra, Manuel María, etc. tentaban darlle novos azos á nosa tradición lírica. Mais Antón sempre se reivindicou, durante ese tempo, como un poeta dos 80. Compartín con el numerosos recitais e actos literarios entre os cales conservo, con especial veneración, a memoria dun recital na praza da Quintana. Ano 1986. Noite de verán. Na foto estamos todos. E Antón entre nós. Tamén Luís Mariño. Facendo un pouco de historia resulta moi curioso constatar que os dous grandes momentos creativos de Antón Avilés estivesen unidos, por unha banda, a Urbano Lugrís e á cidade da Coruña, onde participou na estrea de *O incerto príncipe Don Hamlet, señor de Dinamarca*, de Álvaro Cunqueiro, e, por outra banda, á xeración dos 80, coa que dialogou activamente ata o mesmo momento da súa morte. Dous grandes momentos de entusiasmo, por razóns diferentes. Alguén dubida que son os momentos de entusiasmo os que deixan a súa meladura na madeira da historia? Pois iso é o que agora mesmo precisamos: entusiasmo.

6. UN ENTUSIASTA

O meu primeiro libro, *Ferida acústica de río*, publicouno Luís Mariño, baixo o selo editorial de Xerais. El acababa de chegar a Vigo procedente de Compostela e resultoume un home dunha enorme afabilidade, un entusiasta. O libro, de certa complexidade na edición, por mor do aparello gráfico que o acompañaba, obrigounos a estar en contacto durante algún tempo e tiveron a oportunidade de coñecer un pouco a Luís. E para min foi sempre o paradigma do home hiperculto, lector compulsivo, melómano, cinéfilo. As súas casas estaban ateigadas de libros e discos e a súa xenerosidade intelectual permitíalle dedicarche un tempo sen fin, falando, sobre todo, de cultura. Unha pasantía gratuíta e impagable, un mestrado en temas tan diversos como a poesía, a música clásica, a filosofía, a historia da arte, e sempre co engado das mellores versións acabadas de publicar, edicións exquisitas que chegaban a el atraídas por non sei que máxico feitizo. Era, insisto, un entusiasta. E, como todos os entusiastas, un pouco excesivo, por veces hiperbólico, sempre á procura do arrebatado, do instante de epifanía, da maxia singular que pode depararnos a existencia. Unha vez contoume que, despois dun accidente de tráfico do que saíra milagrosamente ileso, o garda civil que instruíu o atestado preguntoulle se había xeo na estrada. Luís contestoulle: na estrada non sei, mais no whisky, dous cubiños.

7. OS POETAS

Nunca souben moi ben en que consiste iso de ser poeta. Supoño que a estas alturas da vida, con cincuenta anos cumpridos, e nove poemarios publicados, teño dereito a dicir, cando menos, que fun poeta. E o certo é que, máis alá do feito de escribir poemas, non encontro ningunha outra peculiaridade que sexa común aos que exercemos, cando menos publicamente, de tal cousa. Porque eu describiría fundamentalmente dous tipos de poetas: aqueles que o son privadamente e procuran o lóstrego da clarividencia en circunstancias que non transcenderán e aqueloutros que precisan compartilo cos demais a través do exercicio da escrita. Cando era máis novo, inclinábame máis ben cara aos primeiros e por iso a miña vida foise enchendo de arrebatos que exceden a mera aventura textual. Cos anos funme dando conta de que o único que nos queda é o texto. Todo o demais perdeuse, esvaeceuse como a néboa das mañás de verán. E xa nada é como era. Nin os espazos nin as persoas. Só o texto mantén as súas virtudes, os seus relampos, os seus lumes e as súas sombras. Encontro vellos amigos que o seguen sendo mais que xa non son como eran. Frecuentalos pode ser beneficioso mais nada pode repor neles ou en min o tempo que se foi. Os poemas, porén, manteñen a súa vixencia, o seu primitivo fulgor. E a través deles un regresa ao que foi sen deixar de ser quen é.

8. VECIÑOS

Vivo nunha casa sen veciños. É un vello edificio construído por Manuel Gómez Román, o arquitecto que exerceu como Secretario Xeral do Partido Galeguista durante o primeiro franquismo. Un edificio catalogado que ninguén poderá derrubar nin reformar e que presenta, ademais, unha fachada nobre, como moitos outros dos que inzan o centro da cidade de Vigo. Ocupo o derradeiro andar e no piso de abaixo non vive ninguén. Así que podo escoitar música a calquera hora da noite. Ver filmes co volume ben alto ata entrada a madrugada. Fronte a este edificio está a casa na que viviu Cunqueiro, durante os vinte anos que pasou en Vigo. Exactamente desde 1961 en que chegou para traballar no Faro ata 1981 en que morreu. A súa era unha vivenda modesta, de aluguer, que hoxe ocupan outros veciños que nada saben, ou queren saber, de que alí viviu noutro tempo un home de xenio. Ao longo de tres anos estiven a dar un curso de doutoramento sobre Álvaro Cunqueiro e, mentres o preparaba, moitos días saía á terraza. Cunqueiro estaba alí. A lectura dos seus textos e a miña indagación sobre eles, unida á presenza dun espazo que eu sabía común, incrementaba a fantasmagoría da súa proximidade. Mesmo podía saír á ventá para saudarme. Alí estábamos os dous, con vinte ou trinta anos de distancia, a darlle voltas aos mesmos temas, a dispor situacións e personaxes que non nos pertencían a ningún dos dous. A min, desde logo, non, porque os tomaba de Cunqueiro. E a el, desde logo, tampouco porque os importara doutras fontes e autores. Veciños da mesma rúa, case porta con porta. E veciños de intereses literarios.

9. MAIS VECIÑOS

Un pouquiño máis alá, seguindo a mesma rúa, está o Hotel Nilo, onde pernoctou en numerosas ocasións Eduardo Blanco Amor. Imaxino o fabuloso daquelas xornadas. A pouco máis de cen metros de distancia durmían dous dos maiores fabuladores da nosa tradición literaria. Podían encontrarse pola noite, cando ían descansar, ou pola mañá, cando saían a comprar a prensa. A percepción das súas condicións de vida acende en min un sentimento de piedade. Espazos alugados e provisorios, enchidos de volumes e revistas, con ese abandono propio dos poetas transeúntes. Tamén enchidos de soidade. Espazos onde deitar un corpo cargado cunha personalidade que os excedía con moito. Espazos minúsculos para a grandeza dos seus personaxes. Coñecín a Eduardo Blanco Amor no ano 1978. Presentoume Xosé María López Álvarez, antigo toureiro, poeta e fotógrafo. Estaba sentado na terraza do Goya lendo La Vanguardia, onde publicaba artigos de opinión naquela altura. Eduardo, dixo Xosé María, quero presentarche a un gran poeta galego. E escoitei pronunciar o meu nome cunha entoación que tiña tanto de esperpento como de visión órfica. Eduardo, alleo a calquera complicidade irónica, ergueuse e estreitou a miña man. Pasados os anos resúltame admirable a estatura moral daquel home que, logo de escribir unha das grandes novelas da literatura en castelán do S. XX, *La catedral y el niño*, regresara a Galicia para entregarlle a este país o seu exemplo e os seus esforzos derradeiros no campo literario: *A Esmorga*, *Xente ao lonxe*, *Os biosbardos* e unha extraordinaria obra dramática. Tamén Eduardo é o meu veciño. Algunha vez nos encontramos entre a poalla das noites de inverno.

10. OUTRO VECIÑO

Quen tamén segue frecuentando estas paraxes é o meu amigo Carlos Oroza. Únenos a nosa común pertenza á sacrosanta orde da poesía errante. E moitas tardes ou mañás ficamos enfrascados en conversas interminables no medio da rúa, dirimindo os temas máis sublimes do divino e do humano, algo marxinais, cada un á súa maneira, neste mundo que semella non ter cabida para os poetas. Mais Carlos reivindica, unha e outra vez, a súa condición inexorable de poeta. Sabe irrenunciable esa condición e antes morrería que perder aquilo que lle deu sentido a toda a súa existencia. Recoñezo que niso me gaña. Eu podería pasar máis desapercibido, despistar mellor, enmascaramme. El rezuma poesía por todos os seus poros. Digamos que mentres eu levo a miña vocación dun xeito máis clandestino, Carlos é un guerrilleiro recoñecido, o seu nome e o seu rostro están dispostos por todas partes. Búscase. Ofrécese recompensa. Individuo moi perigoso. Vai armado de poesía. E iso é o que converte a Carlos nun ser irrepitible. Paseante sen destino, camiñante de alamedas e cidades, locuaz e irreverente, un bandido delicado, un foraxido exquisito. Por onde Carlos camiña pasan tamén os fantasmas dos meus outros veciños: Cunqueiro e Blanco Amor. Tamén Urbano Lugrís, esoutro irreverente co que Carlos faría moi boas migas. Imaxino xuntalos a todos a comer. Pode que fose decepcionante e insoportable. Tamén que fose memorable.

11. A BANDEIRA DE DON QUIXOTE

Tense escrito que existen dous arquetipos básicos do protagonista novelesco da modernidade. Por unha banda, *Don Quixote*, un ser que se enfrenta ao negativo do mundo entendéndoo como un resultado da actuación das forzas demoníacas, do encantamento producido polas potencias do mal, e, incapaz de encontrarlle o sentido obxectivo ou relixioso que posuía o antigo ideal épico-cabaleiresco, opta por se confrontar con ese mundo. Por outra banda, o protagonista da *Educación Sentimental* de Flaubert, un heroe que reaxe contra a degradación do real mediante o ensimesmamento. A teoría segundo a cal a estrutura da novela moderna sería un eco da estrutura da sociedade de economía burguesa é certamente útil para ler a Blanco Amor. Xa que os valores dominantes son os valores do troco, do intercambio monetario e financeiro, o heroe novelesco converteríase en individuo problemático pola súa aspiración aos verdadeiros valores. O seu individualismo, a súa procura de pracer centrada en si mesmo, choca cos signos morais dunha sociedade baseada na mediación e no troco bancario. Agora que se cumpren cincuenta anos da publicación d'A Esmorga, de Eduardo Blanco Amor, aquel home ao que eu lle estreitei a man en 1978, creo que os novelistas modernos deberían erguer a bandeira de Don Quixote e tirar abaixo a Educación Sentimental. Sempre erguer a bandeira do ideal. Xamais asumir as bandeiras do fracaso ou da renuncia.

12. O INCONSCIENTE SOCIAL NA NOVELA

Friedrich Jameson, ese medio filósofo e teórico literario americano, sostén que a novela é sempre un síntoma do inconsciente social. Esta afirmación implica varias cousas. Primeira: que existe un inconsciente da sociedade que, por unha banda, non ten nada que ver co inconsciente colectivo de Jung e, por outra banda, ao ser social, desenténdese da noción de inconsciente na psicanálise, tanto na súa versión freudiana como lacaniana. Mais o inconsciente social sería aquilo que, sendo latente, aínda non foi desvelado, de maneira que o crítico debe proceder a pór de manifesto esa mensaxe subliminal, ese segredo inconfesado que reside na novela, máis alá da vontade do seu autor. Cando leo a Vargas Llosa doume conta do acerto de Jameson. As novelas do escritor peruano transmiten mensaxes que nada teñen que ver coa ideoloxía do seu autor, como se as tramas e os personaxes que vai ideando fosen quen de aventurarse por camiños propios, construindo a súa propia semiose, alén dos significados asumidos pola responsabilidade autorial. Lendo os artigos que Vargas Llosa publica nos xornais, sempre tan liberais, tan comedidos e prudentes, sempre en defensa do capitalismo máis canónico, doume conta de que as súas novelas contan cousas ben diferentes. *Lituma en los Andes* paréceme unha novela social realista, escrita para defender o comunismo en América do Sur. *La fiesta del chivo* un alegato en contra das ditaduras e da intromisión inaceptable do imperialismo americano. Así que esa podería ser unha verdade do discurso novelesco. A través do xénero fala alguén máis que o autor. E este non pode evitar que por medio das súas palabras a historia e a colectividade deixen a súa marca máis perenne.

13. LAXEIRO

Existe un certo consenso, entre as persoas que o coñeceron e trataron, arredor dos compoñentes xeniais da personalidade de José Otero Abeledo, Laxeiro. Tiven a oportunidade de escribir un conxunto de poemas, titulados *Nausícaa* e baseados no episodio da Odisea de Homero, para unha carpeta de gravados seus que tirou do prelo o noso común amigo Román Pereiro. Asistín con Laxeiro ao todos os prolegómenos da edición da carpeta. E tiven a oportunidade de visitar o seu estudio, comer con el en diversas ocasións, ademais de compartir o acto de presentación da carpeta no que Laxeiro pintou un cadro en directo, para o numeroso público presente, mentres eu lía os meus poemas. Era unha tarde de principios de agosto do ano 1992 e o sol deitábase de vagar sobre o lombo da ría, acrecentando os perfís máxicos das Illas Cíes. Eu procuraba pór o maior énfase na lectura dos meus poemas mais o certo é que a maior parte do público estaba máis atenta ao ir e vir da man de Laxeiro, guiando as brochas ateigadas de cores, que ao fluír dos meus versos que se perdían entre o bulicio do xentío. Días antes, durante unha comida, alguén lle propuxera a Laxeiro que falase en “checoslovaco”, lingua que, ao parecer, dominaba. Laxeiro comezou a emitir un memorable discurso nun idioma que ninguén podía comprender. Eran palabras máxicas, ditas, tamén, cun aquel máxico, como se estivese a falar nun idioma para iniciados, unha xerga de magos e videntes, unha lingua para os misterios e para as revelacións. Os meus pobres artificios de poeta pouco podían facer contra aquel despregamento de talento e de invención.

14. DOS RELOXOS DERRETIDOS

Non é certo que o tempo flúa sen parar. Por veces fica detido, ancorado como os barcos que regresan dunha longa singradura. Eu mesmo fun testemuña de varias destas paradas do tempo. Ese momento en que os reloxos se deteñen e comezan a derreterse, como se estivesen feitos de manteiga e soportasen elevadas, altísimas temperaturas. A primeira vez foi en 1968. O estío culminaba unhas longas vacacións. E as vivencias da primeira adolescencia amoreábanse entre balóns e bicicletas, entre baños e paseos. Corría o mes de agosto e o mundo estaba detido nese percurso intemporal, como se durante uns días se esquecese de que axiña, en pouco tempo, había de chegar o outono. Caín da bicicleta e un dos freos cravouseme nunha perna, causándome unha enorme ferida. Non foi unha parada excesivamente longa. Acaso durase tres ou catro minutos. Mais durante eses minutos o universo enteiro detívose e a emerxencia do meu corpo gravemente ferido foi suficiente para que ningunha outra cousa importase. Leváronme ao médico e fixéronme unha enorme costura na miña perna esquerda. Unha costura que, desde entón, me acompaña como acompañan as tatuaxes, as marcas, os sinais que o tempo foi deitando sobre nós. Ao chegar de regreso a casa, logo de feita a cura, notei que un dos meus pulsos me doía. Era o esquerdo. No lugar en que acostumaba a estar o meu reloxo, había agora unha masa xelatinosa e escura, os restos do reloxo que eu levaba antes de caer, os refugallos dun reloxo que se derretera.

15. LISBOA

Lisboa é outra proba de que o tempo se detén, de que non é certo, como dixeran, que flúa sen parar, precipitadamente. Hai máis de trinta anos que frecuento esta cidade e non deixa de sorprendeme. Sabe manter un aquel característico e inesquecible, algo que debe situarse nos territorios do metafísico, porque non é material, a non ser que estea asociado á luz, á peculiar forma que adquire a luz nestas paraxes. Mais o certo é que, a pesar de todas as transformacións, de todas as mudanzas, a cidade (que como todas as cidades é, sobre todo, imaxinaria) sucédese a si mesma, déixase en herdanza, como se aboa, nai e filla fosen, inequivocamente, unha mesma persoa. Algo debe de acontecer para que isto sexa así. Teño a impresión de que o tempo da cidade é diferente do tempo do resto das persoas. Porque o tempo da cidade está parado. Nos últimos trinta anos, poñamos por caso, avanzou dous ou tres anos. Mentres os demais pasamos da adolescencia á plena madurez, percorrendo meses e semanas, Lisboa andou de vagar polas horas, preguiceiramente, como se nada que teña que ver co devalar dos días e da historia lle importase. Por iso sempre que veño a Lisboa teño a impresión de volver atrás no meu propio tempo. E recupero aquela parte de min que se perdeu mais que segue a andar por aquí, camiño do Bairro Alto e da Cervejaria da Trindade ou baixando cara ao Largo de Camões entre a néboa. Así que estamos en Lisboa, eu e o que queda daqueles outros eus que se foron e que algunha vez encontraron acubillo dentro do meu propio corpo.

16. MURAKAMI

Confeso que son un lector compulsivo. Cando encontro algo que verdadeiramente me interesa leo e leo ata o esgotamento. Logo podo pasar días, semanas, sen ler máis que o estritamente preciso para o meu traballo de profesor de literatura. Abandonado e nostáxico dese pracer de deuses que é, verdadeiramente, ler. Esas xornadas de lectura, de fechar a realidade para que esoutra realidade da ficción literaria ocupe por completo a miña conciencia son xornadas impagables. O mesmo acontece cando escribo. Porque eu creo, con Derrida, que a dicotomía lectura/escritura é unha falsa dicotomía. Cando escribimos lemos e, tamén, cando lemos escribimos. A débeda que un lector ten cos seus autores predilectos é de tal calibre que resulta doado de comprender que se produzan moitas mitomanías. Autores que son tratados como se fosen estrelas do cinema, grandes figuras da escena ou da música. Un deles é, sen dúbida, Haruki Murakami. Desde as primeiras páxinas de *Tokio Blues*. *Norwegian Wood*, cando o protagonista regresa ao Xapón e a vella melodía dos Beatles o transporta a un tempo xa perdido, souben que alí estaba un deses autores escollidos. Lino hai xa algún tempo, antes de que se espallase a súa fama actual, e creo que contribuíñ, humildemente, a través do boca a boca, a que se espallase a súa sona. Os relatos de adolescencia, de personaxes errantes que se interrogan perante as pequenas (pero grandes) cousas da vida, unidos ao lirismo xeral dos acontecementos, outórgalle ás súas obras a categoría de poesía. Son historias cotiás, nas que se evocan acontecementos nimios, mais, cun afán de sorprenden ao lector, sempre dentro dos límites da máis estrita verosimilitude, converte eses feitos en metáforas prodixiosas da nosa contemporaneidade. Mesmo diría que en Murakami están moitos dos reloxos derretidos do noso tempo.

17. VIRXILIO E AS XEÓRXICAS

Cheguei a Virxilio a través de Hermann Broch, un autor de lectura obrigada na miña xeración, a través desa extraordinaria novela denominada *A morte de Virxilio*. A imponente prosa do xudeu alemán unida ao tema do regreso de Virxilio a Bríndisi, logo dos seus anos de exilio, converten esta peza nunha sinfonía literaria, unha das dúas ou tres mellores novelas do século vinte. Tempo despois achegueime á Eneida. Como sempre acontece coas grandes obras gregas e latinas, é preciso botar man de varias versións, ler, en realidade, catro ou cinco Eneidas para irmos entrando en materia, a poder ser acompañadas do texto orixinal latino. A día de hoxe as miñas preferidas son a versión en verso ao castelán da editorial Gredos, feita por Javier de Echave-Sustaeta, e a versión portuguesa de Agostinho da Silva, onde os hexámetros orixinais son convertidos en hendecasílabos, verdadeiramente extraordinaria. Nesta mesma versión figuran as Xeórxicas, un tratado de agricultura en verso, orixinalísimo e verdadeiramente imprescindible. Ler os consellos agrícolas que Virxilio espalla ao longo dos seus versos, unidos a comentarios sobre a natureza, a climatoloxía e os deuses, resulta, creo, unha constatación máis de que o tempo non flúe sen parar, como pretende a ciencia, senón que por veces se detén, mesmo infinitamente. Unha idea para editores exaltados e románticos: publicar as Xeórxicas en verso galego, con diversas introducións e comentarios a cada un dos cantos, e facelo como un libro de agricultura ecolóxica. Acaso a utopía pasa, máis unha vez, por regresar ao bucolismo clásico.

18. DA ESENCIA DA POESÍA

O heideggeriano título que leva este fragmento non debe desalentar o lector compunxido. Trátase, antes ben, de epigrafar un vello tema, un asunto que segue sen resolver: a natureza da poesía. ¿Son poetas só aqueles que escriben poesía? ou, mellor dito, ¿son necesariamente poetas os que escriben poesía? ou, aínda, ¿non son poetas moitas outras persoas que xamais escribiron poesía? En primeiro lugar, non todos os que escriben poesía son, necesariamente, poetas. En segundo lugar, existe materia poética en cada fragmento do mundo e da existencia, de maneira que o lóstrego da epifanía, da revelación, da presenza enigmática do real na linguaxe, emerxe en calquera circunstancia: no rostro dunha muller, no movemento dunha pelota sobre un campo, na transición entre dous acordes, no fraseo dunha voz embriagada, no trazo que deixou unha man sobre un lenzo, na luz que captou unha cámara nun filme... o feito de que os poetas administremos o título e, por tanto, unha parte importante da fama, é un indicio da nosa titánica responsabilidade. Por iso, o poeta debe ser consciente, antes de nada, do poder que usurpa e da necesidade de merecer, cando menos, unha sombra dese poder. Se non o fai, o poeta rematará como Edipo, xurando vingarse dun asasino incestuoso que é, en realidade, el mesmo. Sermos reis de Tebas non nos garante non irmos morrer algún día, cegos malditos e apátridas, nunha distante Colono.

19. SENTENCIAS

O máis difícil da poesía son as sentencias. Ese momento en que o poeta abandona os seus trebellos de descriptor, de glosador do mundo ou dos soños, e procede a emitir un

enunciado teórico, unha mensaxe concluínte. Iso é, como no mundo dos touros, entrar a matar. Se che sae ben a praza enteira estralará en aclamacións e aplausos e a gloria de saír a ombros terá unha xustificación válida. Se che sae mal, todo o anterior será esquecido e a vergoña do fracaso enturbará definitivamente a túa tentativa. Vexo poucos poetas que entren a matar, que arrisquen o pelexo diante do touro negro da melancolía. Como no mundo da tauromaquia é o momento en que se xuntan arte e valentía. Silencio na praza, un arreguizo a percorrer a nosa espiña dorsal, unha encrucillada na que se dirimen a vida e a morte do poema. Lendo a Virxilio doume conta do arriscado da súa vida. Xamais deixou de entrar a matar. Unha vez tras outra espalla sentencias, en moitas ocasións por boca dos seus personaxes. O seu exilio foi máis que xustificado. Un home así debía ser un perigo público, unha ameaza constante para os tiranos, unha arma a disposición dos inimigos da República. O saber que se amorea nunha sentencia poética ten tal capacidade de semiose que, como os residuos radioactivos, non deixa de emitir nunca. Iso é o que perseguía Manuel Antonio por medio do creacionismo: a máquina de significar. Por iso seguimos ficando sós: “o mar, o barco e máis nós”. Logo Derrida explicaría que todo signo é propiamente unha máquina de significar. Velaí a crise da modernidade: todo significa.

20. LECTURAS PARA O OUTONO

Comparto con Ramón Otero Pedrayo a fascinación polo outono. Ese tempo, entre a vendima e castañeira, en que os campos nos entregan os seus froitos máis saborosos. Desde os meus primeiros versos quixen ser poeta outonizo. Logo, Northrop Frye engadiríalle sentido á miña poética das estacións: o inverno do drama, a primavera da lírica, o verán da épica e o outono da elexía. Hamlet en Xaneiro, os trovadores en abril, Aquiles en agosto, Nerval en outubro. Todo un programa de lecturas acorde coas climatoloxías variadas. Acaso isto axudase a mellorar o número de lectores. Organizar as bibliotecas segundo as estacións e as previsións metereolóxicas do día. Ten un día de outono soleado. Pois lea vostede algo épico lírico. Ten unha tarde de primavera con chuvia. Pois lea vostede unha traxicomedia. Resulta curioso que, así como desde as artes de Orfeo se desenvolveu a musicoterapia, aínda desde as artes de Minerva non se chegase á lectoterapia. Mais estou convencido que un bo programa de lecturas, axeitado para unha situación anímica determinada, pode axudar, e moito, a sobrelevar os terrores da vida. Contarei un episodio persoal. Lendo a Montaña Máxica, de Thomas Mann, nun verán da miña mocidade, rematei por enfermar, o mesmo que o protagonista, afortunadamente non de tuberculose coma el. Botei na cama o tempo xusto para ir debullando as longas páxinas, percorrendo as marabillosa paisaxes dos Alpes, falando con aquel xesuíta sabio co que conversaba o protagonista. E, xusto no remate da novela, a curación do personaxe coincidiu coa miña melloría. Non digo que non sexan fascinantes todas as estacións do ano. Mais o outono ten algo de sublime, de conclusión e resumo do ciclo todo. Velaí a condición sublime dos poetas elexíacos, dos poetas outonizos, que eu reivindico. Do mesmo xeito que para chegarmos ao outono debemos percorrer o inverno a primavera e o verán, para chegarmos á elexía debemos dominar o drama, a lírica e a épica. Somos como as uvas, as noces, o millo e as castañas, as brisas de finais de setembro... Sen nós o mundo e a vida non serían nin a metade de deliciosos.